

Éxito da III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Máis dun cento de veciños/as encheron a Casa da Cultura na III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, que tivo un dobre obxectivo: “poñer en valor o traballo que se está a facer dende o CIM e sensibilizar á sociedade”, segundo o alcalde, Manuel Fernández Munín, quen tivo un “agarrado recordo para Ana Enjamio”. Pola súa banda, a directora do CIM, Cristina Carbajales, salientou que “cando unha muller comparte a súa historia de violencia está dando o primeiro paso para romper o círculo do maltrato. Debemos escoitala, apoiala e dicirlle: estamos contigo”.

A psicóloga do CIM, Yolanda Neira, presentou o documental e a exposición “Ana, luz e sorriso”, que busca manter vivo o recordo de Ana Enjamio, asasinada pola súa ex-parella no Nadal de 2016. “Fíxose unha exposición unindo artistas, familia e amigas. A cada ilustradora lle achegamos un texto dunha persoa achegada a Ana e unha fotografía. Neses textos repetíanse varias palabras que deron o título da mostra: Ana, luz e sorriso”, explicou.

A música chegou da man das artistas locais Sofía Silva e Marina Vidal. María José e Jessica presentaron as actividades da asociación Berenguela pola Igualdade: o libro *Historias de vida de*



Foto de familia da III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, o Ministerio de Igualdade e a Unión Europea



Esther García deu testemuño como vítima da violencia machista. No exterior, presentouse a mostra “Ana, luz e sorriso” na que participaron Blanca Millán, Isa Albela, Lorena Couto, Laura Romero, María Montes, Eva Casais e Laura Tova



A rapazada do CPI Antonio Orza e o persoal municipal conmemoraron o 25N instando a “non tolerar a violencia de xénero”



mulleres e homes de Vedra, as andainas polo bo trato e o *Proxecto 1.000 cores de denuncia dos micromachismos*.

E Esther García, divulgadora e sobrevivente de violencia de xénero, achegou o seu testemuño destacando que “ninguén comeza pe-

gando, ninguén comeza chamándote puta. A violencia de xénero comeza moi pouco a pouco”. Neste sentido, destacou a importancia de identificar micromachismos pois “a min custoume moito darme conta de que era vítima de violencia de xénero. Non recibira ningún golpe,

todo foi unha violencia psicolóxica”.

E no acto de conmemoración do 25-N, o alumnado do CPI Antonio Orza e o persoal do Concello uníronse baixo un mesmo lema: “as mans para loitar, non para ferir. A fala para acariñar, non para anular”.

Sesión sobre como entender os servizos bancarios

O local social de Lestedo acollerá o 14 de decembro, ás 19:00 horas, a xornada "Consumo Responde", promovida polo Concello de Boqueixón e a Xunta. Unha xornada de acceso gratuito no que se tratarán distintos temas sobre servizos bancarios, explicados dunha forma sinxela: tipos de contas, comisións, xestións básicas na banca electrónica, xestións no caixeiro...

O Concello informa sobre axudas a instalacións térmicas

O Concello informa, na web municipal, das axudas a instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial. O prazo ábrese en decembro: <https://bit.ly/3d8tnMw>.

A Guía Empresarial nace para incentivar as compras locais

O alcalde, Manuel Fernández Munín, e o concelleiro de Economía e Facenda, José M. Iglesias, presentaron a primeira Guía Empresarial de Boqueixón, feita polo Departamento de Formación, Emprego e Desenvolvemento Local e que recolle 86 pemes dunha vintenta de sectores.

O alcalde sinala que a guía ten un triplo obxectivo: "dar a coñecer e apoiar aos magníficos profesionais que traballan no noso comercio, hostalería e servizos. Ser unha ferramenta para as Administracións á hora de fomentar inversións ou poñer en marcha calquera campaña de apoio. E para que os nosos veciños/as coñezan os grandes profesionais que temos no noso municipio e que non teñen que ir buscar fóra os produtos e servizos que te-



Empresarios/as asistentes á presentación da Guía Empresarial de Boqueixón

ñen diante das súas casas". Neste sentido, Fernández Munín instou a que "as compras de Nadal se fagan no comercio local, onde recibirán un trato profesional e próximo que só existe no pequeno negocio".

A Guía recolle os datos achegados polos participantes: nome, a que se dedica, mail, emprazamento, teléfono, web, Redes Sociais... Está dispoñible ini-

cialmente en formato dixital e descargable en PDF, na web municipal o que permite actualizala permanentemente. De feito, aquelas empresas que non estean recollidas na guía e queiran participar, deben cubrir un formulario (<https://forms.gle/kwYU89nkw89S-hySv5>) para seren incluídas na próxima edición, que se publicará a principios de 2022.



Boqueixón promociónase en Fairway como destino turístico e xacobeo

Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces promoveron os seus recursos turísticos, culturais e em-

presariais vencellados cos Camiños de Santiago nun stand conxunto na cuarta edición do Fairway, que

tivo lugar en Santiago. O alcalde, Manuel Fernández Munín, participou tamén na presentación "Ponferra-

da e o Camiño de Inverno, un percorrido inolvidable", promovida pola Asociación Camiño de Inverno.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servizos Sociais / CIM: 981 51 30 06

O Pleno Infantil propón iniciativas a nivel local para loitar contra o cambio climático

O salón de Plenos do Concello de Boqueixón acolleu a sexta edición do Pleno Infantil, unha actividade organizada polo Departamento de Servizos Sociais para conmemorar o Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas. Un total de 28 nenos e nenas de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto acudiron á casa consistorial para trasladarlle ao alcalde, Manuel Fernández Munín, e á concelleira de Ensino, Marta Copóns Neira, as súas reflexións e propostas contra o cambio climático e coidar o medio ambiente.

Fernández Munín pediu-lles que sexan exemplo “do respecto ás 3 R: reciclar, reutilizar e reducir, sabendo que reciclar non é so separar o lixo, senón tamén consumir menos e concienciar ás persoas adultas para que coñezan que so entre todos poderemos loitar contra o cambio climático e coidar do noso medio ambiente”. Neste sentido, agradeceu



Alumnado de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto que participou no acto



Un Pleno moi “rexuvenecido” no que todos/as achegaron a súa proposta

“que compartades connosco as vosas ideas e propostas para facer de Boqueixón un concello aínda máis sen-

sibilizado co respecto ao medio natural”.

Os primeiros en tomar a palabra foron os 11 “conce-

lleiros/as”, que propuxeron cadansúa ideaa sobre distintas temáticas, que foron respondidas unha a unha polo alcalde boqueixanés. Propostas como reducir o gasto en luces de Nadal, entregar á veciñanza botellas para recoller a auga que substitúan ás de plástico, aumentar as papeleiras para os peregrinos, máis charlas sobre reciclaxe, aumentar o uso de LED... O alcalde boqueixanés tomou nota e comentou todas as propostas.

Ao rematar, a concelleira de Ensino entregoulles a cada alumno e alumna unhas pulseiras, chapas e material contra a violencia de xénero, ao tempo que insistiu “na necesidade de que fagades chegar ás vosas familias a importancia de coidar o medio ambiente e reciclar”. Esta sexta edición do Pleno Infantil levouse a cabo dentro das actividades dirixidas á infancia e á adolescencia propostas por Unicef Galicia.

Solicita xa o teu composteiro

Unha das cuestións nas que máis fincapé fixeron os nenos e nenas que participaron na sexta edición do Pleno Infantil foi na necesidade de reciclar e reutilizar os refugallos. Momento que o alcalde, Manuel Fernández Munín, aproveitou para introducilos no mundo da compostaxe doméstica.

Basicamente, o composteiro é un recipiente onde se introducen os restos orgánicos e permite elaborar

un compost que pode ser empregado como abono na horta. A diferenza do proceso que facían os nosos avós e avoas, o composteiro permite acelerar o proceso de compostaxe, evita os malos cheiros, permite manter a zona limpa e recollida e permite controlar de xeito doado a humidade e a temperatura.

As persoas interesadas en conseguir un composteiro só tendes que solicitalo na Casa do Concello.



Os Reis Magos e Papá Noel traerán a ilusión do Nadal aos nenos e nenas de Boqueixón

O Concello de Boqueixón ten preparado un completo programa de Nadal, centrado nos máis pequenos/as da casa e que dará comezo o 20 de decembro cunha vídeo chamada de Papa Noel dende o Polo Norte ás escolas infantís de Lestedo, Sergude e Camporrapado. Un día despois, martes 21, Papá Noel visitará ao alumnado do CPI Antonio Orza Couto.

A maiores, o Concello ten programadas unha serie de actividades culturais de Nadal, dirixidas a nenos e nenas de Infantil e Primaria, que terán lugar en horario de 16:00 a 18:30 horas, o número de prazas será limitado. Máis información e inscricións no 981 513 115.

O 22 de decembro, a Casa da Cultura de Camporrapado acollerá un obradoiro de decoración de adornos, gnomos, anxos e complementos de Nadal. O local social de Sergude acollerá un taller de creación de velas e decoración con parafina (23 de decembro) e outro de experimentos: neve artificial, slime, holografía... (27 de decembro).

O 29 de decembro, o local social de Lestedo acollerá un obradoiro de doces de Nadal, turróns e cake-pops (27 de decembro). A Festa de Fin de Ano con ritmos de Nadal, discoteca, badaladas e cotillón terá lugar o 30 de decembro na Casa da Cultura de Camporrapado.



Arbore decorada polo CIM de Boqueixón: por un Nadal en Igualdade

Finalmente, o 28 de decembro e o 4 de xaneiro, a biblioteca municipal será sé dun obradoiro de lettering,

para promover a creatividade, dirixido a nenos e nenas de 10 a 14 anos.

Boqueixogo chegará o 2 de xaneiro e o pavillón do Forte encherase de inchables, obradoiros, elaboración de cartas aos Reis Magos... O 3 de xaneiro, o local social de Lestedo acollerá un obradoiro de elaboración artesanal de casiñas de xenxibre. E o 5 de xaneiro, ás 16:00 h, a Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o espectáculo "Os Tres porquiños" e a tradicional recepción aos Reis Magos, con sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras. Para asistir será preciso anotarse en boqueixon.gal ata esgotar aforo.

Aberta ata o 12 de decembro a inscrición no programa de conciliación Nadal Activo

Nadal Activo é un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nas vacacións de Nadal. O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias de prevención contra a Covi-19.

Datas: 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 3, 4, 5 e 7 de xaneiro

Horario: entrada de 9:00 a 10:00h.; e saída 13:30 a 14:00h.

Dirixido a: alumnado de infantil e primaria do Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

Inscricións: as inscricións

| Exencións | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|
| Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto. de Servizos Sociais. | 100% |
| Exencións | |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM. | 80% |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM. | 70% |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM. | 50% |
| Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM. | 35% |
| Condición de familia numerosa xeral. | 40% |
| Condición de familia numerosa especial. | 50% |

realizaranse do 1 ao 12 de decembro, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías: Telemática,

a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente), ou presencial, no rexistro municipal. Posibilidade de inscrición por días

soltos. Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades. Ofértanse un máximo de 20 prazas para este programa.

Documentación a achegar xunto á ficha de inscrición:

1. Declaración da renda do 2020 ou xustificante de non ter que presentala.

2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).

Custo: 60 € programa completo, 10 € días soltos.

O Concello de Boqueixón poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19. Máis información no teléfono: 981 513 115.

Nadal de teatro e música en familia

Os domingos de decembro en Boqueixón, salvo o día 12, son días reservados ao teatro. Un ano máis, o ciclo “Escena Pequena” trae tres espectáculos á Casa da Cultura de Camporrapado para desfrutar en familia. A participación é de balde, se ben hai que reservar entrada no Departamento de Cultura, en cultura@boqueixon.com ou no 981 513 115.

Todos os espectáculos, organizados polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Deputación da Coruña, terán lugar ás 12:00 horas. Polo escenario pasarán os divertidos xogos coa lingua de Xarope Tulú con “Rilla, rilla”, dirixido a un público de máis de cinco anos. O 19 de novembro será a quenda da “Linguaxe esquecida” de Papabuis, para traballar con valores e música. E pechará o ciclo “Puño puñete”, unha proposta de Baobab Teatro para público infantil a partir de 1 ano e que

CICLO DE TEATRO E MÚSICA

ESCENA PEQUENA

Casa da Cultura de Camporrapado
12 horas - Público familiar

Domingo 5 de decembro
Rilla rilla de Xarope Tulú

Domingo 19 de decembro
A linguaxe esquecida de Papabuis

Domingo 26 de decembro
Puño puñete de Boabab teatro

De balde. Reserva a túa entrada no Departamento de Cultura: cultura@boqueixon.com ou no 981 513 115

Organiza: Concello de Boqueixón

Colabora: Deputación DA CORUÑA

mestura música, cancións, contos e tradición oral.

Escena Pequena toma o relevo de BocAberta, ciclo para público adulto que

tivo unha gran participación con Artesacía Teatro, o grupo municipal de Teatro de Ribeira, Teatro Airiños e Bradomín Teatro.

Homenaxe musical ao 60 aniversario de “Balbino”

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 11 de decembro, ás 19:30 horas, o espectáculo “Balbino. 60 anos de homenaxe a Galicia”. Trátase dun espectáculo conmemorativo dos 60 anos da publicación de “Memorias dun neno labrego” de Neira Vilas que chega da man do Concello de Boqueixón, en colaboración coa Rede de Dinamización Lingüística e o Xacobeo 21-22.

Actuarán a Banda Unión Musical Pontedesma, a soprano Noa Outumuro, a canción galega de Marina Vidal, veciña de Boqueixón, Josele e o grupo de baile e música tradicional Punteirolo. Presenta Natalí González. A asistencia é de balde, se ben é preciso reservar entrada ata o 10 de decembro en cultura@boqueixon.com.



Flores contra a violencia machista

As sete mulleres que participan no Programa de Prevención da Dependencia sumáronse á repulsa da violencia machista. Con motivo do 25N, elaboraron un mural conmemorativo e unhas flores violetas. Se algunha persoa quere sumarse ao programa, só ten que dirixirse aos Servizos Sociais.

Boqueixón e Vedra organizan un curso de monitorado de actividades de tempo libre

Os Concellos de Boqueixón e Vedra veñen de abrir o prazo de inscrición no seu curso de monitor/a de actividades de tempo libre, de 200 horas teórico/prácticas e 150 horas prácticas. Unha formación que está homologada pola Xunta de Galicia.

As prazas son limitadas e o prazo de presentación de solicitudes remata o 17 de decembro.

Terán preferencia aquelas persoas empadroadas nalgún dos municipios.

Ambas as dúas iniciativas darán comezo no Nadal, farán un intensivo na Semana Santa e complementarán con algunha fin de semana.

A cota de inscrición é de 150 euros. Máis información no Departamento de Mocidade de Boqueixón ou no teléfono 981 513 115.

A Xunta reconece o labor de Protección Civil Boqueixón na loita contra a Covid

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, participou na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) no acto de entrega das medallas aos voluntarios de Protección Civil, onde reafirmou o compromiso do Goberno galego con este colectivo, un dos piares das emerxencias galegas. A concesión das medallas ao mérito de Protección Civil de Galicia ten por finalidade distinguir as persoas físicas ou xurídicas e/ ou ás institucións que sobresaían polas súas actividades en materia de protección civil, así como a prestación de servizos continuados no tempo, de interese para a protección civil, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste acto celebrado en A Estrada fíxose entrega das correspondentes aos anos 2020 e 2021.



O vicepresidente Alfonso Rueda entregou a Juan M. Corral a medalla de prata ao mérito da Protección Civil de Galicia 2021 e o distintivo de permanencia a José A. Castro Martínez, Carlos Uzal Díaz e Antonio Fernández Varela

Entre as condecoracións entregadas destaca a Medalla de Ouro ao conxunto das agrupacións galegas pola súa colaboración na loita contra a covid e a súa contribución á sociedade na atención da poboación na crise sanitaria. Alfonso Rueda destacou a

importancia destas medallas aos voluntarios que levan a cabo un traballo completamente altruísta no seu día a día para velar pola seguridade dos seus veciños, con especial dedicación nos meses máis duros da pandemia do coronavirus coa entrega

de alimentos e medicamentos, o acompañamento de persoas que viven soas ou a desinfección de espazos públicos.

Distinción a Boqueixón

A maiores, algunhas das persoas que integran a Agrupación de Protección Civil de Boqueixón foron tamén distinguidas con distintos galardóns. Así, o xefe de Protección Civil de Boqueixón, Juan Manuel Corral Sánchez recibiu de mans do vicepresidente da Xunta a medalla de prata ao mérito da Protección Civil de Galicia 2021, así como o distintivo de permanencia no corpo.

Un distintivo que tamén recibiron outros tres voluntarios da agrupación: José A Castro Martínez, Carlos Uzal Díaz e Antonio Fernández Varela.



Obradoiro de habilidades sociais para alumnado de 6º de Primaria

Manuel Isorna, profesor da Universidade de Vigo e especialista en intervención socioeducativa en condutas aditivas, impartiu catro sesións do Obradoiro de habilidades sociais "ConVIVE", organizadas polo Servizo de Prevención de Condutas Aditivas do Concello de Boqueixón en colaboración co CPI Antonio Orza Couto e a Consellería de Sanidade.



As familias de Boqueixón aprenden a educar en positivo

O programa "Educar en familia" botou a andar coa sesión "Intelixencia emocional real. Autoestima e motivación", impartida por María Soto a familias que apostan por unha disciplina positiva á hora de educar ás súas crianzas. A próxima sesión terá lugar o 10 de decembro: "Que son os malos comportamentos e como traballar para evitalos". Inscripción no Dpto de Cultura.

Anacos do noso Panxolas das Terras do Ulla

*Unha tradición extinta pero que continúa a vivir
na memoria dos nosos maiores*

Se hai algo que é moi propio do Nadal son as panxoliñas. Segundo a RAG (Real Academia Galega) unha panxoliña é unha canción popular de temática relixiosa, que se canta exclusivamente nesta época do ano. Tamén poden recibir os nomes de nadaliña ou vilancico.

Non en tanto, en Boqueixón as panxoliñas reciben o nome de panxolas. Esta palabra non está recollida na RAG mais ten moita tradición. Unha tradición que, de feito, xa non é visible a día de hoxe e que só existe na memoria dos maiores.

Antigamente, as panxolas cantábanas os panxoleiros: grupos, polo xeral, constituídos por homes ou nenos que ían de casa en casa cantando para os que alí vivían.

Os panxoleiros reuníanse os días de celebración polo serán. Podían levar unha gaita de fol e tamén instrumentos feitos na casa: pandeiretas, pandeiros, bombos... Unha vez xuntos, normalmente en grupos pares, ían casa por casa pedindo licenza para cantar. Se eran recibidos, cantaban a panxola a cambio do aguinaldo ou comida. Incluso os panxoleiros dunha mesma agrupación, separábanse en dous bandos e cantaban alternando nos diferentes pés para facer máis loable a súa actuación. Un dato que hai que destacar, é que os cartos recollidos utilizaríanse posteriormente para celebrar as festas do Entroido.

Ademais, había certa territorialización musical nestas



agrupacións veciñais. Dependendo da parroquia, os panxoleiros adquirían un ton ou outro na voz, de forma que os veciños puidesen distinguir de onde viñan. Os cantantes das panxolas remataban de alborada, xusto

para ir á misa vespertina.

Respecto ás músicas que tocaban e cantaban, existían diferentes tipos en relación á festividade que tocasse:

Os cantos de Noiteboa tiñan connotacións relixiosas entorno ao nacemento do neno Xesús. Pola súa parte, había panxolas de Fin de Ano e de Aninovo. No primeiro caso, cantábase dende o serán do día 31 de decembro ata a mañá do día 1 de xaneiro. O obxectivo destes cantos era desfacerse dos males do ano pasado e mirar con optimismo ao novo ano que chega. Tamén se cantaban o sufrimento de Xesús, así como as milagres de cando o Fillo de Deus era neno. As panxolas de aninovo servían principalmente para re-

colectar cartos para as festas. Tamén recibían o nome de xaneiras ou manuelas.

Xa en Reis, os panxoleiros cantaban os feitos bíblicos da adoración do Neno. Como antigamente a alfabetización nas zonas rurais era escasa, era a forma na que a veciñanza podía coñecer os feitos bíblicos en linguaxe popular.

Se ben esta tradición de ir cantando panxolas polas casa en pequenos grupos foise perdendo, o certo é que o espírito de desfrutar xuntos e cantar nadaliñas en familia continúa vivo. O importante, é non confundir o antigo co anticuado e tentar aprender dos que nos precederon para non perder estes coñecementos colectivos.

Fonte de información: "Boqueixón Música e Tradición", de José María Cebeiro e Xosé Francisco Noia Souto.

Catro nenos/as poderán viaxar á esquiar en Asturias

O Concello de Boqueixón dispón de 4 prazas na Campaña de Neve 2022, organizada pola Deputación da Coruña e dirixida a nenos e nenas de 12 a 15 anos. Unha viaxe que terá lugar do 28 ao 31 de xaneiro de 2022.

O prezo será de 85 €, que inclúe estancia e manutención na estación de Valgrande-Pajares (Asturias). O prazo de inscrición estará aberto ata o 14 de decembro no Departamento de Deportes de Boqueixón, no 636 731 721 ou deportes@boqueixon.com. Se o número de peticións supera ao de prazas, farase un sorteo público.

Mostra de traballos creativos de Nadal do SAF-Boqueixón

As persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar de Boqueixón serán as protagonistas dunha exposición de traballos creativos de Nadal, que poderá desfrutarse do 15 ao 22 de decembro na Casa do Concello, en horario de 8:00 a 15:00 horas. Trátase da primeira ocasión na que estes e estas artistas van dar a coñecer o seu traballo, realizado en colaboración coas súas familias e co persoal axuliar do SAF-Boqueixón.

A iniciativa está enmarcada no Programa de Estimulación Cognitiva que se está a implantar no SAF boqueixanés baixo a lenda: "promover vidas con sen-



A mostra poderá visitarse no Concello do 15 ao 22 de decembro

tido". E é que este tipo de actividades repercuten de forma moi favorable nestas persoas que, por vez primeira, amosarán as súas

extraordinarias manualidades en público nunha exposición que promete ser un dos puntos de interese deste Nadal no municipio.

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Escena Pequena

Ciclo de Teatro Infantil

Casa da Cultura de Camporrapado. 12:00 horas. De balde. Reserva a túa entrada no Dpto de Cultura (981 513 115). Colabora: Deputación da Coruña.

Domingo
5

Xarope Tulú

Domingo
19

Papabuis

Domingo
26

Baobab Teatro

Venres
10

Educación en Familia

CPI Antonio Orza Couto. "Que son os malos comportamentos e como traballar para evitalos". Imparte: María Soto. Inscricións: Dpto de Cultura.

Venres
10

Doazón de sangue

Lestedo. Diante de Abanca. DE 16:00 a 21:00 horas.

Sábado
11

Balbino, 60 anos de homenaxe a Galicia

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:30 h. Espectáculo da Unión Musical Ponteledesma e outros artistas. Reserva de entradas ata o 10 de decembro en cultura@boqueixon.com achegando nome completo e teléfono de contacto.

Luns
13

Hai saída grazas a ti

CPI Antonio Orza Couto. Alumnado da ESO. 16:00 h. Debate sobre a abordaxe da violencia de xénero pola mocidade. Subvenciona: Secretaría Xeral de Igualdade - FEGAMP.

Martes
14

Consumo responde

Local social de Lestedo. 19:00. Charla sobre servizos bancarios.

Mércores
15

Mostra de traballos creativos do Nadal do SAF-Boqueixón

Casa do Concello. Ata o 22 de decembro. De 8:00 a 15:00 h.

Luns
20

Videochamada con Papá Noel

Escolas infantís de Lestedo, Sergude e Camporrapado.

Martes
21

Visita de Papá Noel

CPI Antonio Orza Couto.

... e en xaneiro

Domingo
2

Boqueixogo

Pavillón do Forte De balde - De 17:00 a 21:00 h. Inchables, obradoiros, elaboración de cartas aos Reis Magos... Reserva entrada en www.boqueixon.gal.

Mércores
5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado Ás 16 horas. Reservas na web www.boqueixon.gal ata esgotar aforo. Sorteo de agasallos entre as persoas asistentes, en colaboración con SBC Gasolineras.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com